

# ITALIA E A SÚA UNIFICACIÓN



# UNIFICACIÓN ITALIANA

Tralo Congreso de Viena ([1815](#)), Italia quedou dividida en sete estados: no norte Lombardía e Venecia (en mans de Austria) e o reino de Piemonte-Cerdeña, baixo a casa de Saboia; na Italia Central os Ducados de Parma, Módena e Toscana, gobernados por príncipes austríacos, e os Estados Pontificios : no sur o reino das Dúas Sicilias en mans dos Borbóns.



Mapa de Italia - 1815

As ideas nacionalistas que buscaban a unificación e a liberación de Italia extendéranse entre a burguesía a través do labor de **sociedades secretas** coma os Carbonarios, que levaban a cabo conspiracións e revoltas contra a Restauración. Xurdiu entre os intelectuais un movemento cultural, o **Risorgimento**, que enalzaba o glorioso pasado de Italia e aspiraba á unidade nacional.

Existían tres camiños para acadala:

1. Unha **República unificada**, democrática e laica instaurada mediante a insurrección popular e a guerra contra os austriacos: era a opción que defendían Mazzini e Garibaldi.
2. Unha **Confederación** presidida polo Papa: era a opción neogüelfa proposta polo abate Gioberti.
3. Unha **Monarquía constitucional**: era a opción defendida por **Victor Manuel II**, rei do Piemonte, e o seu ministro Cavour.



Victor Manuel II



Camillo Benso  
Conde de Cavour

# FASES DA UNIFICACIÓN 1859-70

1ª fase: Guerra Franco-Austriaca (1859).

Trala entrevista de Cavour con Napoleón III, acordouse a intervención francesa en Italia. Francia recibiría como compensación Saboia e Niza. O exército franco-piamontés derrotou ós austriacos nas batallas de Magenta e Solferino e os italianos conseguiron que Austria lles entregase Lombardía, que foi incorporada ó reino do Piemonte. Pero Napoleón asinou o armisticio de Villafranca con Austria sen consultar cos seus aliados.





## BATALLA DE SOLFERINO

Dunant chegou a Solferino, o mesmo día en que tivo lugar a batalla, 38.000 feridos, agoniantes ou mortos permanecían no campo de batalla, e había poucos intentos para axudalos. Impresionado, o propio Dunant tomou a iniciativa de organizar á poboación civil, para proporcionar asistencia ós soldados feridos e enfermos. Convenceu á poboación para que atendese ós feridos sen fixarse no bando do conflito estaban polo lema "*Tutti fratelli*" (Todos somos irmáns). Pouco despois fundaría a Cruz Vermella



Henry Dunant  
fundador da  
Cruz  
Vermella,  
símbolo  
escollido para  
honrar a  
nacionalidade  
suíza deste  
home.



## 2ª fase:

**Anexión** a Piamonte por plebiscito de toda a Italia Central (Parma, Módena e Toscana) en 1860.

Ese mesmo ano, o republicano Garibaldi, cun exército de voluntarios, os «Mil camisas vermellas», conquista Sicilia e Nápoles grazas ó apoio popular, converténdose nun heroe romántico.. Para evitar a división dos nacionalistas Garibaldi renunciara a proclamar a República tras entrevistarse con Víctor Manuel. Víctor Manuel II se convirtió en rei de Italia



### 3ª fase:


**Guerra Austro-Prusiana (1866).** Trala derrota dos austriacos na batalla de Sadowa, Austria entregou Venecia ós italianos que apoiaran ós prusianos. Só quedaban os Estados Pontificios, a chamada “cuestión romana”. Francia protexía ó Papa cunha importante gornición francesa.




Batalla de Sadowa

### 4ª fase:

**Guerra Franco-Prusiana (1870).** Os italianos ocuparon Roma ó retirarse os franceses trala súa derrota en Sedán fronte ós alemáns e anexionaron os Estados Pontificios, malia a oposición do Papa a quen se lle concedeu o Estado do Vaticano. Roma converteuse na capital do reino de Italia.



Guillermo I rei de Prusia



Papa Pío IX



# EPÍLOGO

O novo Estado atopouse con varios problemas. A unidade de Italia era xa un feito, pero aínda quedaron en mans de Austria: Istria, Trento e o Tirol do Sur, chamadas as provincias irredentas. A unificación non significou a igualdade real de Italia, xa que había enormes diferencias entre a Italia do Norte, rica, industrializada e moderna, coa Italia do Sur, pobre, campesiña e atrasada. Ademais, o Papa, contrario á unificación, excomungaba ós que ousaban participar nas eleccións polo que o sistema político será moi inestable, debido á escasa participación política dos católicos.

